



# PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Curso 2019

**“C.E.I.P. ILLAS CÍES”**

Avda. Castelao Nº 59 36209 VIGO

Telf.- 886120111 Fax.- 986234993

email:ceip.illas.cies@edu.xunta.es

[www.edu.xunta.gal/centros/ceipillascies](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipillascies)

<b><u>INDICE</u></b>	<b>PAX</b>
<b><u>1.- INTRODUCCIÓN</u></b>	<b>3</b>
<b><u>2.- ESTUDIO SOCIOLINGÜÍSTICO DA NOSA CONTORNA</u></b>	<b>4</b>
<b><u>2.1-Situación do alumnado</u></b>	<b>4</b>
<b><u>3.- DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTEN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA</u></b>	<b>4</b>
<b><u>3.1-Educación Infantil</u></b>	<b>4</b>
<b><u>3.2-Educación Primaria</u></b>	<b>4</b>
<b><u>3.3-Linguas nas que se imparten as distintas materias.</u></b>	<b>4</b>
<b><u>4.- MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO QUE NON TEN O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS OFICIAIS</u></b>	<b>6</b>
<b><u>4.1-Medidas adoptadas a nivel de centro</u></b>	<b>6</b>
<b><u>4.2-Medidas adoptadas nas aulas</u></b>	<b>6</b>
<b><u>4.5-Medidas adoptadas coas familias</u></b>	<b>6</b>
<b><u>5.- OBXECTIVOS XERAIS</u></b>	<b>8</b>
<b><u>6.- LIÑAS DE ACTUACIÓN DESEÑADAS POLO CENTRO PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA. ACTIVIDADES</u></b>	<b>9</b>
<b><u>7.-ADDENDA ANUAL</u></b>	<b>11</b>

## 1.- INTRODUCCIÓN

O Proxecto Lingüístico de centro é un documento que desenvolve o artigo 14º do Decreto 79/2010, do 20 de maio, polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo. Tamén é un recurso que pretende achegar iniciativas e propostas para revitalizar e impulsar a realidade lingüística da escola, contando en particular coa implicación da comunidade educativa.

O estatuto de Autonomía de Galicia define o galego como a lingua propia de Galicia, que son oficiais o idiomas galego e castelán e que todos teñen dereito a coñecelos e usalos.

A lingua galega considérase patrimonio cultural dun pobo e obxecto de respecto e protección, constitúe un elemento básico e identidade cultural e representa un valor fundamental de cohesión nunha determinada comunidade.

No decreto 79/2010, do 20 de maio, regúlanse as medidas adoitadas de cara á obtención dunha competencia axeitada do galego no ensino obrigatorio, propiciando a igualdade plena e efectiva entre as dúas linguas oficiais por parte de toda a poboación escolar.

Neste proxecto recóllese unha análise sociolingüística do centro, atopándonos cun alumnado castelán falante case na súa totalidade.

Partiremos desta realidade para a planificación do noso proxecto lingüístico de centro.

Atendendo a Lei 3/1983 do 15 de xuño , garántese a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e asegura a normalización do galego en todos os eidos da sociedade e establécese como obxectivo principal que o remate do ensino obrigatorio o alumnos/as dispoñan de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais.

## **2.- ESTUDIO SOCIOLINGÜÍSTICO DA NOSA CONTORNA.**

O CEIP Illas Cies aséntase no barrio de Coia, un dos máis poboados da cidade de Vigo. É unha zoa residencial, moi ampla, situada en torno á Avenida Castelao. Trátase dun núcleo eminentemente urbano, próximo ó centro da cidade.

Todo o alumnado vive no núcleo urbano onde está situado o centro. Este centro está enclavado nunha contorna no que a primeira lingua é xeralmente o castelán. As familias, aínda que a maioría de país e avós saben falar o galego, falan cos fillos e fillas o castelán. Tamén hai un porcentaxe de familias procedentes do estranxeiro que falan só o castelán.

### **SITUACIÓN DO ALUMNADO:**

En educación infantil empregan maioritariamente o castelán un 100%, e vaise introducindo pouco a pouco o galego aumentando a súa presenza en Educación Primaria para tratar de conseguir a equiparación das dúas linguas ao rematar a etapa. A partir de 2º máis do 50% xa pode manter unha conversa dirixida en galego e case a totalidade se expresa por escrito con máis facilidade.

## **3.- DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTEN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

Tal como se recolle no Decreto 79/2010, no artigo 12º, “nas ensinanzas de réxime xeral asignaráselle o mesmo número de horas ao ensino das materias de lingua galega e de lingua castelá”.

Xa que segundo o estudo sociolingüístico atopámonos nunha contorna castelán falante e tendo en conta o marco legal fixaremos a lingua de ensino segundo os seguintes criterios:

### **3.1-Educación infantil**

O decreto 79/2010, no seu artigo 5 referido á Educación infantil di:

- ✓ Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na súa a lingua materna predominante entre o alumnado, aínda que deberá ter en conta a lingua da contorna e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia.
- ✓ A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuara aos pais/nais do alumno/a antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo/a.
- ✓ Atendendo a este criterio a lingua vehicular para educación infantil no noso centro é o castelán.

### 3.2-Educación Primaria

O decreto 79/2010 no seu artigo 6º referido á educación primaria di:

- ✓ Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- ✓ As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia.
- ✓ Impartirase en galego a materia de sociais e naturais e en castelán a materia de matemáticas.
- ✓ Cada centro educativo segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego en casteláns se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais.

3.3-As linguas nas que se imparten as distintas materias son as seguintes:

- En **lingua galega** impartiranse as áreas de Lingua Galega, Naturais, Sociais, Educación artística e a Educación física en 2º , 4º , 5º e 6º de educación primaria.
- En **lingua castelá** impartiranse as áreas de Lingua Castelá, Matemáticas, Relixión ou Valores sociais e cívicos e tamén a área de Educación física en 1º e 3º de primaria.
- En **lingua inglesa** impartirase a área de inglés.

#### **4.- MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO QUE NON TEN O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS OFICIAIS.**

A presenza das interferencias lingüísticas, de aparición lóxica cando se está a traballar con dúas linguas, non se debe vivir como un problema, senón como unha oportunidade para, a partir delas, reflexionar sobre as semellanzas e diferenzas entre os dous códigos e asentar un e outro. Estas interferencias, se se traballan de xeito correcto, deben ir desaparecendo a medida que se avanza na escolaridade.

O alumnado é maioritariamente castelán falante e teñen o castelán como lingua habitual.

A competencia en lingua galega acada os obxectivos na escrita ao finalizar a primaria estando un pouco máis baixo o nivel que o castelán, pero na expresión oral é moito máis baixa.

##### 4.1- MEDIDAS ADOPTADAS A NIVEL DE CENTRO:

- Utilizamos o galego nas relacións oficiais do centro e nos documentos de relación coas familias: boletíns de notas, comunicacións, avisos...
- Empregámolo tamén nas celebracións, carteis, murais e actividades colectivas.
- A páxina web faise en galego excepto algunha entrada que se fai en inglés ou castelán.
- Existe un equipo de dinamización da lingua galega encargado de fomentar o galego.
- Os blogs de aula fanse algúns en galego e outros en inglés.
- A biblioteca de centro e as bibliotecas de aula teñen un fondo de libros en ámbalas dúas linguas.
- A edición da Revista escolar "Miñocas" cada ano con traballos en galego ou inglés.
- Aínda que dispoñemos dun fondo de libros en galego na biblioteca e en todas as

aulas cómpre seguir ampliando este material escrito tanto na etapa de infantil e primeiros lectores equiparándoo á primaria.

-Dende hai varios cursos levamos a cabo, dentro do Plan Lector, a hora de ler durante media hora todos os días. Practicamos dentro da aula as lecturas en silencio e colectivas. Loxicamente ao haber oferta de libros en galego na aula e na biblioteca moitas das súas lecturas son en galego intentando equiparalas.

-Recomendamos libros para as vacacións de Nadal en galego.

-Sesións de contacontos para cada un dos niveis

-Exposicións de libros nas diferentes conmemoracións.

-Préstamo de libros e actualización a adquisición das últimas publicacións.

-Visitas de animación á lectura.

#### 4.2- MEDIDAS ADOPTADAS NAS AULAS.

- Diseñar tarefas que requiran a conversa ou a comunicación co grupo, tanto libre como planificada.

- A aprendizaxe de vocabulario por impregnación e inmersión nun ambiente enriquecedor, coa realización de exercicios de adiviñar, completar, inventar, semellanzas, sinónimos, palabras compostas...

- Dramatización e cancións para perfeccionar a articulación e entoación.

- Exercicios de exposición oral, tendo especial atención en 1º e 2º porque sabemos que ademais de ter un fin en si mesma, é un camiño indispensable para un dominio maior de lectura e da escritura.

-Favorecer as transferencias de aprendizaxes entre as dúas linguas, desenvolvendo proxectos de centro que as propicien, como o proxecto levado a cabo no Plan Proxecta.

- Seguindo a orde do 20 de febreiro do 2004, pola que se establecen as medidas de atención específica para o alumnado de procedencia estranxeira, pódense tomar medidas de varios tipos:

A) De tipo curricular: reforzo educativo ou adaptación curricular.

B) De tipo organizativo: grupos de adquisición de linguas ou grupo de adquisición de competencia curricular. Medidas que desenvolveranse mediante agrupamentos flexibles con carácter temporal.

-As actividades relacionadas coa **lectoescritura** comezaranse facendo en castelán, pero desenvolveranse paralelamente en galego, facendo fincapé nas especificidades propias de cada unha das linguas ( as variacións léxicas, morfolóxicas...).

-Traballarase a lectura expresiva de diferentes tipos de textos e a comprensión lectora dos mesmos. Para fixar as estruturas lingüísticas memorizarase adiviñas, cancións, poesías...

-Favorecerase a construción de diferentes clases de textos (narrativas, dialogadas...)

-Adoptarase hábitos correctos e adquirirase a comprensión e produción de textos.

#### -4.3-MEDIDAS ADOPTADAS COAS FAMILIAS:

Manteremos informadas as familias tanto dos obxectivos que se perseguen como do que se está a facer, pois somos conscientes de que a actitude e prexucios que se poidan dar no seo familiar inflúen significativamente sobre a actitude do alumnado e a súa disposición para aprender.

Colaboración coas familias en actividades do centro como nos proxectos de aula e celebracións.

## 5.- OBXECTIVOS XERAIS

1.- Incentivar o emprego diario do galego, co fin de normalizar a comunicación en galego.

2.- Incidir na utilidade e prestixio social da lingua galega mediante a organización de tarefas de expansión e difusión cultural.



- 3.- Revalorizar o emprego do galego como lingua de comunicación habitual.
- 4.- Garantir a coherencia entre o proxecto educativo de centro e os proxectos curriculares no tocante a potenciación, emprego e difusión da lingua galega.
- 5.- Fomentar a concienciación da importancia da lingua galega como medio de expresión e comunicación verbal e escrita, con plenas capacidades e equiparable a calquera outra lingua.
6. Potenciar a expresión e expresividade en galego coordinando actividades de dramatización, musicais, ....etc.
7. Potenciar a presenza da cultura e tradicións galegas no noso contexto sociocultural.
8. Fomentar a lectura en lingua galega.
9. Fomentar o coñecemento e difusión da normativa ortográfica galega.
10. Fomentar o emprego do galego nas actividades informais e lúdicas do centro
11. Poñer ao alumnado en contacto coa realidade do concello de Vigo a través das actividades complementarias.
12. Continuar na liña de ampliación do material de lectura, audiovisuais e novas tecnoloxías en galego.

## 6.-LIÑAS DE ACTUACIÓN DESEÑADAS POLO CENTRO PARA O FOMENTO DA LÍNGUA GALEGA. ACTIVIDADES

- Empregaremos o **galego nos documentos** de relación coas familias e co contorno social do centro.
- Manteremos a **presenza constante da lingua galega** no centro con rótulos, carteis, murais

- No “**recuncho de N.D.L.**” e no taboleiro da sala do profesorado irá aparecendo información relacionada coa lingua, cultura e realidade galega.
- Para favorecer a expresión oral seguiremos coa actividade “**especial galego**”: Algúns cursos de primaria encargaranse de presentar despois do recreo e para o resto do alumnado, unha **pequena actuación** na última semana de cada mes.
- Potenciaremos a **lectura en galego** e o uso de **documentais e películas en galego**.
- En colaboración coa biblioteca seguiremos facendo circular a **mochila viaxeira** en cada nivel con libros en galego, castelán e inglés. Tamén irán libros para as familias de información que lles pode interesar.
- Contaremos coa presenza de **contacontos**, autores, ilustradores,...
- Pediremos a **colaboración dos pais, nais, avós,..** para falar de temas de interese.
- Potenciaremos a **expresión escrita e expresión oral en galego** coa elaboración de adiviñas, refráns, poesías, textos ceibes, libros de aniversarios...
- Realizaremos **visitas de carácter didáctico**.
- Realizaremos o estudo medioambiental en torno ó centro ou arredores: plantas do centro, árbores da avenida Castelao, árbores da Bouza, paxaros...
- Utilizaremos o galego na **páxina web** do centro e nos blogs de aula.
- Celebración do **Certame Literario “Vermiño”** onde cada neno e nena de primaria fai una composición literaria para participar neste certame. Os gañadores de cada curso terán os seus traballos publicados na Revista

Miñocas.

- Facemos **proxectos anuais** nos que intervén todo o alumnado e neles usamos preferentemente a lingua galega.
- Potenciaremos a expresión oral a través de exposicións entre as aulas.
- Correo interescolar en primaria.
- Participación en diversos concursos de “Relatos curtos”
- Elaboración da revista escolar anual “Miñocas” na que participa toda a comunidade educativa.
- Celebración en novembro do mes da ciencia en galego.
- Celebración do día de Rosalía con poesías e cancións.
- Celebración de festas tradicionais como : Samaín, entroido, magosto...
- Realización de actividades de intercambios coa contorna.
- Realización de investigacións sobre historia, lendas, patrimonio etnográfico...
- Realización de actividades en galego utilizando distintos programas informáticos.
- Continuar actualizando a páxina web do colexio informando nesta sobre aspectos da dinamización e normalización lingüística.

## **7.-ADDENDA ANUAL**

### **7.1-RESULTADO DA PREGUNTA AOS PAIS/NAIS DE EDUCACIÓN INFANTIL PARA OBTER INFORMACIÓN SOBRE A LÍNGUA MATERNA.**

Segundo os resultados obtidos da enquisa enviada ás familias dobre a lingua materna do neno/a o resultado foi do 100% en castelán. Polo tanto a lingua vehicular da aula de tres anos será o castelán pero fomentárase a lingua galega para que adquiran as competencias en ambas dúas linguas de acordo co decreto 79/2010 realizando aquelas actividades e estratexias de aprendizaxe para que o

alumnado adquira o coñecemento da lingua galega dentro dos límites da etapa.

## **7.2-VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LÍNGUA GALEGA REALIZADOS POLO CENTRO NO CURSO ANTERIOR**

Debido a implicación de toda a comunidade educativa na realización das actividades, consideramos que os obxectivos propostos tiveron un nivel alto de consecución.

- Todo o colexio participou nas actividades programadas polo E.D.L.G. revalorizando así o uso do galego.
- Participamos na maioría das actividades culturais que se ofertaron dende o Concello.
- En colaboración coa biblioteca do centro, favorecemos a lectura en lingua galega.
- Potenciamos a presenza da cultura e tradicións galegas do noso entorno.
- Potenciamos a expresividade, realizando actividades: de dramatización, musicais, recitais de poesía, creacións literarias...
- Continuamos co Certame Literario “O Vermíño”, no que participou todo o alumnado de primaria.
- Potenciamos a participación das familias no proxecto de centro participando nas celebracións, con visitas de familias para realización de talleres nas aulas de Infantil e Primaria...

## **7.3-INFORMACIÓN DO QUE SE VAI DESENVOLVER NO CURSO SEGUINTE.**

O Plan xeral de dinamización da lingua galega demanda que o uso do galego se prolongue no contorno que nos rodea.

Os nosos obxectivos xerais para este curso son:

- Favorecer a expresión oral en galego.

- Que o noso alumnado utilice a lingua galega dentro e fóra das aulas.
- Facilitarlle ás familias o acercamento a nosa realidade sociocultural.
- Utilizar as novas tecnoloxías en prol do galego.
- Eliminar os prexuizos lingüísticos.

Por iso, consideramos que unha maneira efectiva de desenvolver e integrar estes obxectivos é a través dun proxecto global de centro.

### **PARA O CURSO ESCOLAR 2018/19 EXPÓMONOS OS SEGUINTEs OBXECTIVOS E ACTIVIDADES**

1. Incentivar o emprego diario do galego, coa creación de novos ámbitos de uso que favorezan a utilización dentro e fóra da aula, a fin de dinamizar a comunicación en galego.
- 2 . Incidir na utilidade e prestixio sociocultural da lingua galega mediante a organización de tarefas de expansión e difusión cultural.
3. Revalorizar o emprego do galego como lingua de comunicación habitual.
4. Garantir a coherencia entre o proxecto educativo do centro e os proxectos curriculares de etapa no tocante á potenciación, emprego e difusión da lingua galega.
5. Fomentar a concienciación da importancia da lingua galega como medio de expresión e comunicación verbal e escrita, con plenas capacidades e equiparable a calquera outra lingua.
6. Potenciar a expresión e expresividade en galego coordinando actividades de dramatización, musicais, etc.
7. Potenciar a presenza da cultura e tradicións galegas no noso contexto sociocultural.

8. Fomentar a lectura en lingua galega.
9. Fomentar o emprego do galego nas actividades informais e lúdicas do centro
10. Poñer ao alumnado en contacto coa realidade do concello de Vigo.
11. Fomentar o traballo en equipo.
12. Respectar e coidar o entorno natural
13. Concienciar e fomentar hábitos de consumo responsable

### ACTIVIDADES PREVISTAS

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES Ó LONGO DO CURSO
1, 2, 3	Emprego do <b>galego nos documentos</b> de relación coas familias e co contorno social do centro.
1, 2, 3, 4, 5	<b>Presenza constante da lingua galega</b> no centro con rótulos, carteis, murais ...
7	No “ <b>recuncho de D.L.G.</b> ”, no taboleiro da sala do profesorado e na páxina web do centro irá aparecendo información relacionada coa lingua, cultura e realidade galega.
2, 3, 4, 5, 6, 7	Para favorecer a expresión oral levamos a cabo un teatro chamado “ <b>Especial Galego</b> ”. Co fin de favorecer a expresión oral entre o noso alumnado, unha vez ó trimestre os cursos pares de educación primaria (segundo, cuarto e sexto) prepararán unha actuación para o resto do colexio.

1, 4, 11	<b>Exposicións orais</b> entre aulas. Unha aula prepara un tema en concreto e logo fai a exposición ós nenos e nenas doutra aula. O alumnado de cursos superiores contarán un conto aos de cursos inferiores.
1, 4, 5, 8	<b>Lecturas en galego</b> e o uso de <b>documentais</b> e <b>películas en galego</b> .
1, 2, 4, 5, 8,10	En colaboración coa biblioteca circulará unha <b>mochila viaxeira</b> en cada nivel con libros en galego, castelán e inglés. Tamén irán libros e artigos para as familias de información que lles pode interesar.
2, 5, 7	Contaremos coa presenza de <b>Contacontos</b> , autores, ilustradores,..
2, 5, 7	<b>Colaboración dos pais, nais, avós...</b> para falar de distintos temas que poidan ser relevantes.
1, 2, 3, 4, 11	<b>Correo postal e electrónico interescolar</b> . Os cursos de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria manterán comunicación a través do correo electrónico e postal durante o curso coas correspondentes aulas do CEIP Santa Tegra (Vigo).
10	<b>Visitas de carácter didáctico á contorna</b> .
4, 5, 11, 12,13	<b>Estudio medioambiental e etiquetado</b> das plantas aromáticas e dos cultivos da horta.
2,5,6,7,8,9, 11	<b>Intercambio cunha entidade do entorno</b> . Como en anos anteriores seguiremos co intercambio de actividades cun centro de día adicado ás persoas maiores.
1, 2, 3,4, 5	Utilización do galego na <b>páxina web e nos blogs</b> das distintas aulas do centro, e continuamos co Blog creado " <b>Recuncho do Galego no Illas Cíes</b> ",adicado a describir e informar das actividades que facemos dende o Equipo de Dinamización Lingüística.
1, 2, 3, 4	Utilización das <b>novas tecnoloxías</b> para a busca de información, elaboración de traballos, reforzos educativos ...

1, 2, 3, 5, 7	Creación de <b>folletos informativos</b> das celebracións típicas galegas que desenvolveremos no colexio.
---------------	---

<b>OBXECTIVOS</b>	<b>ACTIVIDADES PARA CELEBRACIÓNS</b>
1,2, 4, 5, 6, 7,9, 10	<p><b>SAMAÍN</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Proporcionaremos información desta tradición galega.</li> <li>✓ Faremos un mural de medo no Recuncho do galego e adornaremos o Corredor do Atlántico cunha exposición de cabazas.</li> <li>✓ Faremos historias de medo.</li> <li>✓ Traerán e faremos receitas propias de Santos e Samaín e degustaremos algunhas delas.</li> </ul>
1, 4, 5, 6, 7, 9	<p><b>ACTIVIDADES DO MAGOSTO/OUTONO</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Proporcionaremos información desta tradición galega.</li> <li>✓ O alumnado traerá froitos de outono recollidos do campo.</li> <li>✓ Na cortiza de entrada faremos o mural de magosto.</li> <li>✓ Realizaremos un magosto no patio, como mostra dunha importante tradición galega.</li> <li>✓ Cantaremos e bailaremos algunhas cancións galegas.</li> <li>✓ Levaremos a cabo diversos “xogos populares galegos”: buxaina, chapas, corda, bola, pano, tragacastañas, carreira de sacos, relevo coa culler, cartóns, truco etc...</li> <li>✓ Exporemos viñetas da historia do Magosto.</li> </ul>



1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 10	<p><b>NADAL</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Todo o alumnado participará no concurso de tarxetas do Nadal. A mensaxe que irá en galego e o debuxo estará relacionado co tema vertebrador “Terra e mar proxecto de vida”. Logo elixirase unha para enviar ás familias felicitando as Festas.</li> <li>✓ Faremos un concurso para o calendario do 2018.</li> <li>✓ Festival de Nadal con panxoliñas, dramatizacións,...</li> </ul>
1, 2, 4, 5, 6, 7, 10	<p><b>DÍA DA PAZ</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Faremos un mural na cortiza de entrada con mensaxes de PAZ .</li> <li>✓ Colocaremos a pomba da Paz na fachada do colexio para facer partícipe á contorna.</li> <li>✓ Cantaremos e bailaremos entre todos no patio unha cantiga.</li> <li>✓ Faremos símbolos da Paz para levar cada neno.</li> </ul>
1,2,4,5,7,8	<p><b>DÍA DE ROSALÍA</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Memorización e ilustración de poesías de Rosalía nun gran mural.</li> <li>✓ Recitado de poesías entre alumnos de diferentes clases.</li> </ul>
1, 3, 4, 5, 6, 7, 10	<p><b>ENTROIDO</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Proporcionaremos información desta tradición galega a comunidade educativa.</li> <li>✓ Cada ciclo disfrazarase dun tema relacionado co proxecto de centro.</li> <li>✓ Inventaremos unha cantiga para o desfile.</li> <li>✓ Faremos exposición de carautas e un mural para a cortiza da entrada.</li> <li>✓ Exposición e información dos personaxes típicos do Entroido.</li> <li>✓ Disfrazarémonos no recreo, durante toda a semana do Entroido, con</li> </ul>

	<p>roupas vellas e accesorios do baúl de disfraces.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Faremos un desfile. Se o tempo o permite daremos un paseo polas rúas próximas ao centro e se non farémolo no patio do colexio.</li> </ul>
1, 2, 4, 5, 8, 9, 11	<p><b>SEMANA DA PRENSA</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Búsqueda de noticias relacionadas co tema vertebrador deste ano: “Tradicións”.</li> </ul>
1, 3, 4, 11	<p><b>DÍA DA ÁRBORE</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Plantaremos, coidaremos e estudaremos as plantas aromáticas e cultivos do horto.</li> <li>✓ Xogo cos nomes desas plantas.</li> <li>✓ Mural coas árbores autóctonas e froiteiras. Exposición e xogo co nome desas árbores.</li> </ul>
1, 2, 4, 5, 7, 8	<p><b>DÍA DO LIBRO</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Realizaremos o <b>XII certame literario “O VERMIÑO”</b>. Farase unha exposición cos textos presentados.</li> <li>✓ En colaboración coa biblioteca contaremos coa presenza dun contacontos, autor, ilustrador...</li> <li>✓ Lectura colectiva no patio da escola: “Lemos xuntos”.</li> </ul>
1,2,3,4,5,6, 7,8,10	<p><b>SEMANA DAS LETRAS GALEGAS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Para esta semana intentaremos traer á escola algún escritor, <u>contacontos</u>, obra de teatro ou proxectar algunha película ou documental en galego.</li> <li>✓ Realizaremos diversas actividades encamiñadas a coñecer e</li> </ul>

	<p>conmemorar a <b>Antón Fraguas Fraguas</b>, autor homenaxeado este ano. Os murais elaborados exporanse nos corredores.</p> <p>✓ Montaremos un <u>FESTIVAL</u> con diversas actuacións do alumnado.</p>
5,6,7,8,10	<p>✓ No mes de xuño publicaremos en formato dixital a <b><u>REVISTA ESCOLAR “MIÑOCAS 2018-2019”</u></b>, elaborada cos traballos de todo o alumnado. Tamén editaremos en papel 2 revistas por aula: unha para a biblioteca da aula e outra para a mochila viaxeira.</p>